



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E O CONCELLO DE RIBADEO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO EXPERIMENTAL DE ILUMINACIÓN NO MONTE DE SANTA CRUZ.

### RESOLUCIÓN DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DO BENEFICIARIO E EXTINCIÓN DO CONVENIO

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.** Con data 1 de decembro de 2025 formalizouse o convenio de colaboración indicado no encabezado, cuxo obxecto é establecer as condicións básicas de cooperación entre o INEGA e o Concello de Ribadeo para a execución dun proxecto experimental de mellora da iluminación pública mediante actuacións de eficiencia enerxética no enclave do Monte de Santa Cruz.

**Segundo.** Con data 12 de decembro de 2025, o Concello de Ribadeo comunicou formalmente a súa renuncia ao devandito convenio, ante a imposibilidade material de executar as actuacións previstas, solicitando a finalización do mesmo con anterioridade ao prazo establecido para a xustificación.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.** O artigo 21.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), establece a obriga da Administración de ditar resolución expresa e notificala en todos os procedementos, con independencia da súa forma de iniciación.

**Segundo.** O artigo 94 da LPACAP reconece o dereito das persoas interesadas a desistir das súas solicitudes ou a renunciar aos dereitos que lles asistan, sempre que tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, podendo formalizarse por calquera medio que permita a súa constancia.

**Terceiro.** No presente caso, a renuncia presentada polo Concello de Ribadeo non afecta a dereitos de terceiros nin causa prexuízo ao interese xeral, non constando a existencia doutros interesados que soliciten a continuación do procedemento, polo que procede a súa aceptación e a conseguinte finalización do mesmo.

**Cuarto.** A cláusula décimo quinta, apartado f), do convenio suscrito prevé expresamente a súa extinción por calquera outra causa distinta das anteriores prevista





no propio convenio ou noutras leis, resultando plenamente aplicable ao presente suposto de renuncia do Concello de Ribadeo.

**Á vista do anterior,**

## **PROPONSE**

**Primeiro.** Aceptar a renuncia presentada polo Concello de Ribadeo ao convenio de colaboración, ao non existir impedimento legal para a súa aceptación.

**Segundo.** Aprobar a extinción do convenio por desistimento do beneficiario, de conformidade co disposto no artigo 94 da Lei 39/2015 e na cláusula décimo quinta do convenio.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

**O director do Departamento de Enerxía**

**Javier Domínguez González**

**Á vista da proposta anterior, que se considera axustada a dereito,**

**R E S O L V O:**

**Primeiro.** Declarar extinguida a vixencia do convenio de colaboración entre o INEGA e o Concello de Ribadeo para o desenvolvemento do proxecto experimental de iluminación no Monte de Santa Cruz, por renuncia do beneficiario.

**Segundo.** Proceder á expedición dos correspondentes documentos contables con cargo á aplicación orzamentaria **09.A3.733A.760.4 (proxecto 2016 00010)**, que se detallan a continuación:

- Documento contable ADr negativo por importe de trinta mil cento noventa e tres euros con noventa e seis céntimos (30.193,96 €).
- Documento contable RC negativo por importe de trinta mil cento noventa e tres euros con noventa e seis céntimos (30.193,96 €).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

**O director do Instituto Enerxético de Galicia**

**Pablo Fernández Vila**

